

Xuntanza Comisión de Persoal

O día 21 de maio de 2021, celebrouse Comisión de persoal ordinaria na que se trataron os seguintes temas dentro da orde do día:

1. Acordo do Consello da Xunta de Galicia do dede 2021 polo que se actualiza o importe previsto no parágrafo noveno do artigo 26 bis do Decreto 144/2001, de 7 de xuño, sobre indemnizacións por razón de servizo ao persoal con destino na Administración autonómica de Galicia.

O director xeral da función pública matizou durante a xuntanza que se engadiu no texto a mención expresa ao persoal de limpeza e de conserxería como persoal auxiliar ou de apoio na participación nos procesos selectivos da Consellería de Educación, e que polo tanto, queda expresamente recollido o dereito deste persoal a percibir a indemnización de 40 euros prevista como indemnización pola prestación destes servizos.

Así mesmo quedará recollido na acta da sesión que a participación do persoal propio dos centros de ensino é voluntaria, para que non se produzan problemas ao respecto desta participación e correspondente dereito a indemnización.

CCOO, aproveitando a modificación puntual do decreto ao que se fai referencia **considera que debería abrir unha mesa de negociación para modificar o decreto en máis profundidade e debater sobre a actualización das axudas de custo** en territorio nacional, sobre a actualización das asistencias por participación en tribunais de oposición ou concurso, así como **das cantidades de asistencia do persoal que realice tarefas de auxilio aos tribunais** encargados da selección do persoal e para **establecer un criterio aleatorio de selección do persoal** que realice tarefas de auxilio (Xefatura de porta, Vixilancia, Incidencias, etc.), **para que todos os empregados públicos da Xunta de Galicia poidan acudir e beneficiarse** da asistencia como persoal de auxilio as diferentes probas que a Administración pública celebra para a selección do seu persoal.

Santiago de Compostela

Rúa Miguel Ferro Caaveiro, 8 1º andar
CP 15707
Telf. 981 551 826
ensino.stgo@galicia.ccoo.es

A Coruña

Avda. Alfonso Molina, km 2, 3º andar
CP 15008
Telf. 981 145 895
scensino.coru@galicia.ccoo.es

Ferrol

Rúa María 42-44
CP 15402
Telf. 981 369 336
scensino.ferrol@galicia.ccoo.es

Lugo

Rolda da Muralla 58, 4º andar
CP 27002
Telf. 982 221 060
scensino.lugo@galicia.ccoo.es

Ourense

Parque San Lázaro 12, 3º andar
CP 32300
Telf. 988 392 256
scensino.oure@galicia.ccoo.es

Pontevedra

Rúa Pasantería 1, 2º andar
CP 36002
Telf. 986 866 276
scensino.pont@galicia.ccoo.es

Vigo

Rúa das Teixugueiras 11 entrecán
CP 36212
Telf. 986 246 847
scensino.vigo@galicia.ccoo.es

O Barco

Praza do Concello 2, 1º andar
CP 32300
Telf. 988 322 034
scensino.oure@galicia.ccoo.es

Monforte

Roberto Baamonde s/n
CP 27400
Telf. 982 401 518
scensino.lugo@galicia.ccoo.es



Xuntanza Comisión de Persoal

Dende **CCOO**, aínda así, pensamos que se fixo un esforzo por incrementar a cantidade finalmente establecida de 40 euros con respecto á inicialmente proposta pola Administración (de 35 euros) e polo tanto o noso **VOTO FOI A FAVOR DO ACORDO**.

2. Ao respecto das Resolucións polas que se convocan os procesos selectivos para o ingreso, polas queandas de acceso libre e de promoción interna, no corpo superior da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, subgrupo A1, escala superior de finanzas; e no corpo de xestión de Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, subgrupo A2, escala técnica de finanzas.

O director xeral de función pública comentou algún dos cambios realizados no texto dende a última xuntanza en mesa xeral que consideramos insuficientes, e polo tanto, o **VOTO DE CCOO FOI EN CONTRA DESTAS CONVOCATORIAS**.

Non enentendemos a necesidade para a escala de Finanzas de que se realice un exame de tipo oral e mesmo de que non se produza redución algunha de temario para a promoción interna desde o subgrupo C1 de corpos xerais ao A2 da escala de finanzas, polo que os cambios non son suficientes para acadar o noso voto favorable.

3.- Rogos e preguntas. O DXFP informou:

1. Adscripcións provisionais:

Acláranos que efectivamente o persoal laboral que está á espera de tomar posesión como persoal funcionario tras os correspondentes procesos de funcionarización **podará continuar nas actuais adscripcións provisionais, sempre que cumpran os requisitos para o seu desempeño**, ata a data na que as tiveran concedidas. **Estas adscripcións provisionais simplemente pasarán a ser comisións de servizos, xa previstas para o persoal funcionario**, dende o momento en que tomen posesión como persoal funcionario de carreira, de xeito que o persoal laboral que se funcionarice adquirirá a condición de persoal funcionario con destino no posto que teñan como definitivo como persoal laboral fixo e **permanecerán en comisión de servizos no posto no que estiveran en adscripción provisional ata o remate da mesma**.

2. Previsión de datas para a realización dos procesos selectivos pendentes:

Santiago de Compostela

Rúa Miguel Ferro Caaveiro, 8 1º andar
CP 15707
Telf. 981 551 826
ensino.stgo@galicia.ccoo.es

A Coruña

Avda. Alfonso Molina, km 2, 3º andar
CP 15008
Telf. 981 145 895
scensino.coru@galicia.ccoo.es

Ferrol

Rúa María 42-44
CP 15402
Telf. 981 369 336
scensino.ferrol@galicia.ccoo.es

Lugo

Rolda da Muralla 58, 4º andar
CP 27002
Telf. 982 221 060
scensino.lugo@galicia.ccoo.es

Ourense

Parque San Lázaro 12, 3º andar
CP 32300
Telf. 988 392 256
scensino.oure@galicia.ccoo.es

Pontevedra

Rúa Pasantería 1, 2º andar
CP 36002
Telf. 986 866 276
scensino.pont@galicia.ccoo.es

Vigo

Rúa das Teixugueiras 11 entrechán
CP 36212
Telf. 986 246 847
scensino.vigo@galicia.ccoo.es

O Barco

Praza do Concello 2, 1º andar
CP 32300
Telf. 988 322 034
scensino.oure@galicia.ccoo.es

Monforte

Roberto Baamonde s/n
CP 27400
Telf. 982 401 518
scensino.lugo@galicia.ccoo.es



Xuntanza Comisión de Persoal

Únicamente ratificou as datas xa publicadas ata o de agora para os exames previstos os días 12, 13 e 20 de xuño, sen aportar información adicional ao respecto das datas previstas para os procesos de promoción interna e da Agrupación Profesional de persoal subalterno que son as que están pendentes de publicar neste momento.

Respecto do **procesos selectivos para a funcionarización** que se acaban de publicar para as diferentes categorías **dos grupos IV e V** tampouco aportou unha data estimada aínda que insistiu que segundo consta na propia convocatoria os procesos selectivos celebraranse en dous meses dende a súa publicación.

3. Modificacións nas relacións de postos de traballo para a funcionarización:

O director comentou nesta xuntanza que están facendo os últimos axustes nas RPT dos postos correspondentes ao persoal a funcionarizar para conseguir axustar as características dos postos o máis posible e evitar ter que incluír complementos de funcionarización. Tamén comenta que se remitirán próximamente as correspondentes aos corpos xerais e ao persoal da Consellería de Política Social para a súa negociación, e que cando estean publicadas as correspondentes modificacións das RPT abrirase o prazo para a toma do posesión do persoal á maior brevidade posible.

4. Publicación dunha instrucción ao respecto da distancia de 30 kilometros prevista na DT5ª da Lei de emprego público de Galicia en relación co artigo 97.5 do mesmo corpo normativo: que nos próximos días publicaran unha instrucción para aclarar cales son as localidades que deben solicitar nos concursos os obrigados a participar por causa de ter cesado nun posto provisto por libre designación ou por alteración ou supresión do postos de traballo obtido con carácter definitivo.

Para clarificar precisamente ese aspecto da distancia de 30 km solicitouse a colaboración do Instituto de Estudos do Territorio para a elaboración dun listado de localidades ordenadas por concellos coas que se cumpre esa distancia tomando como referencia a distancia de acordo coa rede de estradas.

5. Publicación instrucción relativa a cales son os concellos limítrofes: tamén se procederá a publicar as localidades, co obxecto de aplicar a puntuación adicional prevista nos diferentes concursos de traslado respecto as medidas de conciliación e igualdade de xénero.

Santiago de Compostela

Rúa Miguel Ferro Caaveiro, 8 1º andar
CP 15707
Telf. 981 551 826
ensino.stgo@galicia.ccoo.es

A Coruña

Avda. Alfonso Molina, km 2, 3º andar
CP 15008
Telf. 981 145 895
scensino.coru@galicia.ccoo.es

Ferrol

Rúa María 42-44
CP 15402
Telf. 981 369 336
scensino.ferrol@galicia.ccoo.es

Lugo

Rolda da Muralla 58, 4º andar
CP 27002
Telf. 982 221 060
scensino.lugo@galicia.ccoo.es

Ourense

Parque San Lázaro 12, 3º andar
CP 32300
Telf. 988 392 256
scensino.oure@galicia.ccoo.es

Pontevedra

Rúa Pasantería 1, 2º andar
CP 36002
Telf. 986 866 276
scensino.pont@galicia.ccoo.es

Vigo

Rúa das Teixugueiras 11 entrecrán
CP 36212
Telf. 986 246 847
scensino.vigo@galicia.ccoo.es

O Barco

Praza do Concello 2, 1º andar
CP 32300
Telf. 988 322 034
scensino.oure@galicia.ccoo.es

Monforte

Roberto Baamonde s/n
CP 27400
Telf. 982 401 518
scensino.lugo@galicia.ccoo.es

